



## RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA 2º ESO

### Obxectivos para 2º ESO:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica. Centrando a comprensión e produción textual na prensa escrita e dixital, así como nos medios de comunicación audiovisuais.
2. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais. Desenvolvendo correcta e adecuadamente a escoita activa.
3. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural. Producindo especialmente textos relacionados cos xéneros xornalísticos.
4. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e máis para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico. Seleccionando as ideas principais das distintas fontes de información, elaborando esquemas e resumos, para dotar de contidos textos expositivos.
5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as Bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC, para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes. Contrastando as diferentes maneiras de expor a mesma información, diferenciando opinión de información.
6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e máis para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección. Respectando basicamente as propiedades textuais, así como as normas ortográficas e gramaticais; sabendo diferenciar as clases de palabras (especialmente verbos e adverbios) e aplicar as regras de concordancia entre elas.
7. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galiza, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación. Rexeitando todos os prexuízos lingüísticos.
8. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado Español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas. Defendendo o plurilingüismo desde o respecto á lingua propia de Galicia.
9. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas. Mantendo unha actitude contraria aos prexuízos e procurando a súa erradicación.
10. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo. Practicando a lectura como hábito cotiá.
11. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos. Elaborando comentarios narrativos ou poéticos rudimentarios.
12. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais. Relacionándoo coas restantes manifestacións artísticas e culturais.



## **Criterios sobre a AVALIACIÓN, a CUALIFICACIÓN e a PROMOCIÓN do alumnado:**

Entendemos por avaliación a valoración do grao de dominio das competencias básicas do ámbito lingüístico e literario, asemade das competencias clave indicadas na concreción para cada estándar de aprendizaxe. A observación directa da actitude, o comportamento na aula, o esforzo, a relación cos outros alumnos e alumnas e o interese amosado pola materia, entre outros, serán instrumentos utilizados para a avaliación de competencias clave como a CAA, a CSC, a CCEC e a CSIEE.

Os contidos mínimos son os seguintes:

### **Comunicación**

- Léxico: Os sentidos e as sensacións. A escola. A saúde e as doenzas. As viaxes. As árbores e os froitos. A paisaxe mariña. O tempo meteorolóxico. Internet e o mundo dixital. A música
- O texto. Propiedades textuais. O texto expositivo. O texto argumentativo. O texto xornalístico. O texto dixital. O texto narrativo. O mural. A noticia. O artigo de opinión. A publicidade. A canción. Os xogos de lingua. Os pasatempos. A exposición oral. O esquema. O resumo. O debate.

### **Reflexión sobre a lingua**

- Signos de puntuación: coñecemento e uso.
- Regras de acentuación: coñecemento e uso.
- Acento diacrítico.
- A maiúscula e a minúscula
- O uso do b e do v. O uso do h. O uso do s e do x
- Substantivo. Xénero e número. Constituíntes da palabra.
- Os determinantes.
- O adxectivo. Xénero e número. Graos do adxectivo.
- Os pronomes tónicos e átonos. A súa colocación e identificación.
- Os verbos regulares e irregulares.
- Clases de palabras ou categorías gramaticais.

### **As linguas e os seus falantes**

- A diversidade lingüística.
- Linguas da Península Ibérica. O portugués
- A normalización e a normativización.
- Os prexuízos
- As variedades lingüísticas. A variedade xeográfica

### **Educación literaria**

- Os xéneros literarios.
- Concepto de conto e novela.
- Elementos do texto narrativo.
- O teatro
- A poesía lírica



En 2º ESO teranse en conta os seguintes criterios para establecer a nota de avaliación:

a) Valoración do proceso individual a través do traballo e do uso oral da lingua. Faremos unha observación e valoraremos positivamente:

a.1.-**Traballo diario:** (10% da nota total da avaliación). Poderase realizar unha lectura optativa por trimestre, que se valorará ata un máximo de 0,5 puntos que se sumará neste apartado de “Traballo diario”. Avaliase mediante proba oral, proba escrita e/ou recensión crítica.

- Participa na clase, expresando ideas ou comentarios relevantes, así como dúbidas sobre os temas que se abordan.
- Demostra habilidades de escoita activa, prestando atención aos demais e amosando interese no que din.
- Durante a clase presenta un comportamento adecuado, actitude e disposición de traballo.
- Presenta en prazo as tarefas encomendadas.

a.2.- **Oralidade:** (10 % da nota total da avaliación). Levaranse a cabo diferentes procedementos como o diálogo, as intervencións orais na aula e, como mínimo, unha proba ou exposición oral en cada trimestre coa finalidade de coñecer a competencia lingüística oral do alumnado.

- Traballo de expresión oral.
- Utilización do galego nas manifestacións espontáneas e de carácter académico.
- Exposicións orais de carácter cooperativo.
- Rexeitamento de prexuízos.
- Respecto pola quenda de palabra e cos comentarios dos compañeiros.

b) Valoración do progreso individual a través de **proba escrita** (70% da nota total da avaliación). En cada trimestre desenvolverase unha ou dúas probas escritas e realizarase unha media aritmética entre elas.

c) **Lectura obrigatoria** dun libro (10% da nota total da avaliación). Realizarase, como mínimo, unha lectura por trimestre. Poderase avaliar cunha proba oral, cunha proba escrita ou a través dun traballo.

## **A AVALIACIÓN ORDINARIA E A RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO:**

O alumnado que teña as tres avaliacións aprobadas superará o curso. Para superar a materia cómpre obter un 5. A cualificación trimestral redondearase .

### **Cualificación final do curso:**

A cualificación final será a media das avaliacións trimestrais (a partir das notas numéricas reais, non das notas redondeadas en boletíns). A cualificación final redondearase.

O alumnado que acade unha nota media das tres avaliacións de 5 ou máis puntos terá a materia aprobada.

O alumnado que non consiga unha media igual ou superior a 5 na cualificación final do curso, deberá realizar unha proba final de recuperación de toda a materia (os tres trimestres).

### **Redondeos:**

Segundo a Orde do 9 de xuño de 2016, a nota media das cualificacións numéricas obtidas será redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.

### **Puntualizacións importantes:**

-Realizaranse probas de recuperación trimestrais.



Se o alumnado suspender unha avaliación, seguirase o seguinte procedemento para a súa recuperación:

- O alumno/a fará unha proba escrita de recuperación das unidades didácticas. Esta proba computará o 70 % da cualificación, que corresponde ao seu valor na avaliación.
  - Se o alumno/a suspende a proba de lectura, na proba de recuperación haberá algunha pregunta referida a ela, que computará un 10%, que é a porcentaxe de cualificación correspondente ás lecturas.
  - Para recuperar o apartado de oralidade, o alumnado deberá entregar unha tarefa de carácter oral que implicará o 10% da cualificación. Se non a entregar, este apartado será cualificado cun cero (0).
  - Para recuperar o apartado do traballo desenvolvido, traballarase con rúbricas que reflectan o avance - se se produce- do alumno ou alumna. Ao longo do curso, o alumno/a será advertido destes aspectos que son cualificados co 10% (1 punto) e poderá traballar para acadalo (realizar e presentar debidamente as tarefas, reflectir no caderno o traballo de aula, realizar preguntas pertinentes e consultar dúbidas...).
- O plaxio en traballos ou ou probas escritas implica unha nota de 0 nese traballo ou exame.
- Os traballos ou exames ilexibles deberán ser modificados. Para poder corrixir isto a docente reforzará a caligrafía do alumnado que así o requira ao longo do curso.

Finalmente, cómpre sinalar que tal e como se establece no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia:

"Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". Conforme o Decreto, pois, o alumnado deberá expresarse, oralmente e por escrito, en galego; caso empregar outra lingua, ese apartado será cualificado con cero (0)

Estas son as lecturas obrigatorias:

#### • Lecturas obrigatorias

1ª avaliación :

JENNINGS, Paul: *Vaiche boa!* Galaxia

2ª avaliación:

COSTAS, Leticia: *O corazón de Xúpiter*. Xerais

3ª avaliación

NÚÑEZ SINGALA, Manuel: *Atranco no banco*. Galaxia

Ademais das obrigatorias, ofrécese un listado de **lecturas voluntarias** entre as que se poderá escoller unha por trimestre.

MEJUTO, Eva: *22 segundos*. Xerais

REIMÓNDEZ, María: *Corredora*. Xerais //

SANDE, María: *O faro escuro*. Editorial Galaxia //

GARCÍA TEIJEIRO, Antonio: *Na fogueira dos versos* (poemario )

NEIRA VILAS, Xosé: *Cartas a Lelo*. Ed. do Castro

CALO, Teresa: *Marta ante o espello*. Xerais

PEDROLO, Manuel de: *Mecanoscrito da segunda orixe*. Galaxia

DOCAMPO, Xabier P.: *O misterio das badaladas*. Xerais

CALVEIRO, Marcos: *Centauros do norte*. Rodeira

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín: *Corredores de sombra*. Xerais



NEGRO ROMERO, Carlos.: *Penúltimas tendencias*. Xerais  
NESS, Patrick: *Un monstro vén a verme* (Tradución: Xesús Fraga) Kalandraka

## PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo dúas sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. A avaliacións finais ordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar dúas probas extraordinarias, nos meses de xaneiro e maio. O alumnado que aprobe a primeira metade en xaneiro, só deberá realizar en maio a segunda parte. Aqueles que en xaneiro non superen a proba ou os que non se presentasen ao exame, deberán examinarse en maio da totalidade dos contidos.

Teranse en conta estes aspectos:

-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso. Debe entregar en tempo e forma os proxectos trimestrais non superados e/ou non entregados no curso anterior.

-A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se o profesor/a o considera oportuno, de non ser así, terá que realizar os exames.

As porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes:

-Táboa de indicadores (caderno de exercicios): 30%

-Proba escrita: 70%

A superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspenso no nivel inferior.